

Unidade de Asesoramento ás Migracións
UAMI

*Programa de
acompañamento
ao reagrupamento
familiar*





Reagrupamento familiar

Información para ter en conta antes e
despois do reagrupamento

Programa municipal de acompañamento
no reagrupamento familiar para persoas
estranxeiras residentes no
Concello da Coruña

Unidade de Asesoramento ás Migracións

UAMI

Que é o reagrupamento familiar?

O reagrupamento familiar é o proceso que inicia unha persoa estranxeira con autorización de residencia para que membros do seu núcleo familiar básico que se atopen nun país extracomunitario se reúnan con ela. Trátase dun dereito recoñecido tanto na normativa europea como na estatal:

- Directiva 2003/86/CE, do 22 de setembro, sobre o dereito ao reagrupamento familiar
- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (artigos 16 a 19)
- Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 4/2000 (artigos 52 a 58).

A quen poden reagrupar?

- O meu / A miña cónxuxe ou parella de feito rexistrada
- Miñas fillas e fillos ou as fillas e fillos da miña/do meu cónxuxe ou parella, menores de 18 anos ou maiores de 18 con discapacidade.
- Persoas menores de 18 anos ou maiores de 18 con discapacidade, das que teña a súa representación legal
- Miña nai ou meu pai e/ou a nai ou o pai da miña/do meu cónxuxe ou parella, se son maiores de 65 anos, están ao meu cargo e hai razóns que o xustifiquen.

Que requisitos debo cumprir?

- Ter solicitado ou obtido a renovación da miña autorización de residencia inicial. Se reagrupo ascendentes, deberei acreditar unha residencia de longa duración.
- Dispor dunha vivenda axeitada ás necesidades da miña familia.
- Dispor de medios económicos suficientes para cubrir as necesidades da miña familia.
- Exíxese o 150% do IPREM para familias de dous membros e un 50% máis por cada membro a maiores.

IMPORTANTE

Para acreditar as condicións da vivenda debe solicitar o informe de vivenda na **UAMI**

MEDIOS ECONÓMICOS 2019

Familias de **2** membros: **806,76€**
Familias de **3** membros: **1075,68€**
Familias de **4** membros: **1344,6€**
(Incluindo o/a reagrupante)

Que pasos debo seguir

- 1. Solicitar cita para a Oficina de Estranxeiría.**
- 2. O día da cita debo presentar a seguinte documentación:**

DA PERSOA REAGRUPANTE:

- O impreso da solicitude.
- A copia do pasaporte completo.
- A documentación acreditativa de ter garantida a asistencia sanitaria.
- A copia da tarxeta de identidade estranxeira (TIE)
- O informe municipal de vivenda co resultado positivo.
- O contrato de traballo e as tres últimas nóminas.

DA PERSOA REAGRUPADA:

- A copia do pasaporte completo.
- A copia da acta de matrimonio ou da partida de nacemento, debidamente legalizada e traducida, no seu caso.

ADEMAIS, SE VOU REAGRUPAR:

- A miña / O meu cónxuxe ou parella, presentarei unha declaración xurada de non residir en España con outro cónxuxe ou parella.
- Fillas/os menores de só un/unha das/dos cónxuxes, deberei acreditar o exercicio exclusivo da patria potestade, a custodia ou o permiso do/a outro/a proxenitor/a.
- Ascendentes, deberei acreditar as razóns que xustifican a necesidade de que veñan vivir a España.

3. Agardar pola carta da resolución da solicitude de reagrupamento familiar.

- Recibireina por correo certificado no prazo máximo de 45 días e débolla enviar á miña ou ao meu familiar.
- Desde que a reciba, a/o familiar reagrupada/o ten un máximo de 2 meses para solicitar cita persoalmente na embaixada ou consulado de España no país de orixe para obter o visado.

4. Trámites que debe realizar a/o familiar reagrupada/o no consulado ou embaixada de España no país de orixe para obter o visado.

- Deberá acudir á cita coa documentación requirida.
- Notificaráselle a resolución nun máximo de 2 meses.
- Cando se lle notifique a concesión do visado, terá un prazo máximo de 2 meses para o ir recoller.
- Desde que obteña o visado, disporá do prazo indicado no propio visado (normalmente, un máximo de 3 meses) para entrar en España.
- No consulado existe a posibilidade de que a consulesa ou o cónsul realice unha entrevista persoal. No caso de que non compareza no prazo fixado, archivarase a súa solicitude.

DOCUMENTACIÓN:

- A carta da resolución de concesión do reagrupamento emitida en España.
- O pasaporte en vigor, que non caducará nos catro meses seguintes.
- O documento orixinal que demostre o vínculo entre a persoa reagrupante e a reagrupada (legalizado e en español).
- Antecedentes penais se é maior de idade (legalizado e en español).
- Certificado médico.

5. Legalización de documentos

- Antes de que a súa / o seu familiar abandone o país de orixe, debe legalizar os documentos acreditativos de formación regrada, vínculo familiar, etc., para que teñan eficacia en España.
- Hai dúas maneiras de legalizar os documentos, en función de se o país de orixe do seu familiar asinou o Convenio da Haia ou non o asinou.
 - 1) Se o país asinou o Convenio, deberá colocar a apostila da Haia no documento. Os países que asinaron o Convenio da Haia son, entre outros:

· Venezuela	· Perú	· Bolivia	· Turquía
· Uruguay	· Paraguay	· Marruecos	· Honduras
· Rumania	· Colombia	· Brasil	· México
· República	· Argentina	· Chile	· Rusia
· Dominicana	· Ecuador	· Ucraña	

- 2) Se o país non asinou o Convenio da Haia, necesitará o seguinte:
 - O selo do Ministerio de Educación do país de orixe para legalizar os títulos e certificados de estudo. Para legalizar outros documentos, tales como as partidas de nacemento e as actas de matrimonio, requirirase o selo do Ministerio que corresponda.
 - O selo anterior deberá ser recoñecido no Ministerio de Asuntos Exteriores do país que expide os documentos.

- A continuación, o selo anterior deberá ser recoñecido pola representación diplomática ou consular de España no país de expedición.

Países que se atopan neste suposto (entre outros):

- | | | | |
|-----------|---------|------------|---------------------|
| · Senegal | · China | · Argelia | · Guinea Ecuatorial |
| · Nigeria | · Cuba | · Pakistán | |

6. Chegada á Coruña

- As persoas reagrupadas teñen 1 mes desde a súa entrada en España para tramitar a autorización de residencia.
 - Deberán empadroarse no Rexistro Xeral Municipal Praza de María Pita s/n.
 - Deberán pagar a taxa para a tramitación da tarxeta de identificación de estranxeiras/os (TIE) na Comisaría de Policía Nacional Avda. do Porto da Coruña 7.
 - Deberán solicitar o documento de dereito á asistencia sanitaria no CAISS (Centro de Atención e Información da Seguridade Social) Félix Estrada Catoira s/n.
 - Deberán tramitar a tarxeta sanitaria no Centro de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) que lles corresponda polo domicilio. Para isto, presentarán o padrón, o documento de identidade e o documento de dereito á asistencia sanitaria.

Poden traballar os meus familiares reagrupados/as?

- SI, na maioría dos casos.
- A autorización de residencia por reagrupamento familiar no caso das fillas e fillos, cónxuxes e parellas de feito en idade laboral autoriza a traballar sen necesidade de realizar ningún trámite.

Como se renova a residencia por reagrupamento familiar?

- Débense cumprir unha serie de requisitos:
- Ter uns ingresos mínimos equivalentes ao 100% do IPREM (en 2019: 537,84 €/mes). Pódense computar ingresos provenientes das axudas sociais.
- Disponibilidade de vivenda adecuada ás necesidades da familia. No caso de ter mudado de domicilio, deberase solicitar un novo informe de vivenda.
- Carecer de antecedentes penais.

IMPORTANTE:

El informe de esfuerzo de integración que expide la Xunta de Galicia puede ayudarte en caso de que no cumplas alguno de los requisitos para la renovación de la autorización.

En A Coruña existen diferentes entidades que ofrecen formaciones validadas para solicitar dicho informe una vez realizado el curso.

O informe de esforzo de integración que expide a Xunta de Galicia pode axudarche no caso de que non cumpras algún dos requisitos para a renovación da autorización.

Na Coruña existen diferentes entidades que ofrecen formacións validadas para solicitar o devandito informe logo de que realices o curso.

Como poden ter os meus familiares a residencia independente?

· **CÓNXUXE OU PARELLA:** Cando reúna algún dos seguintes requisitos e non teña débedas coa Administración tributaria ou coa Seguridade Social:

- Contar con un ou varios contratos de traballo de duración mínima dun ano, a tempo completo, para a concesión da autorización de residencia e traballo por conta allea.
- Contar con medios económicos suficientes para a concesión dunha autorización de residencia temporal de carácter non lucrativo.
- Cumprir os requisitos para a concesión dunha autorización de residencia temporal e traballo por conta propia.

DE FORMA EXCEPCIONAL, OBTÉRASE A RESIDENCIA INDEPENDENTE CANDO:

- Rompa o vínculo de parella, mediante o divorcio ou a anulación da parella de feito, e transcorresen 2 anos de convivencia en España.
- Se dite ao seu favor unha orde de protección ou exista un informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero.
- Morra a persoa reagrupante.

· **FILLAS E FILLOS, E MENORES REPRESENTADAS/OS LEGALMENTE:** Cando reúnan algún dos seguintes requisitos:

- Ter a maioría de idade e residir en España durante 5 anos.
- Ter a maioría de idade e acreditar que se atopa nalgunha das situacións xerais descritas no caso do cónxuxe ou parella.

• **ASCENDENTES:** Cando obteñan una autorización para traballar de calquera tipo (por conta allea, por conta propia ou calquera outra autorización das reguladas na lexislación de estranxeiría).

Recomendacións para reagrupar fillas e fillos menores de 16 anos

Mentres se atopen no país de orixe:

- Mantelas/os escolarizadas/os até ter confirmada a data da viaxe.
- Traer o seu carné de vacinas e os informes médicos pertinentes.
- Informalas/os de que en Galicia se fala galego e castelán, e que ambas as linguas están presentes no sistema educativo.
- Transmitirlles a máxima información sobre como será a súa vida na Coruña: a súa casa, o seu barrio, a súa escola...
- Facilitarlles que se poidan despedir das persoas que as/os coidaron, da súa familia, amizades, veciñanza, etc.
- Posibilitar que as/os máis pequenas/os poidan traer os seus xoguetes favoritos ou outros obxectos persoais a que lles teñan apego.

Ao chegar á Coruña

Para estudar

- Escolarizalas/os o máis pronto posible. É necesario que retomen a rutina da aula e comencen a coñecer nenas e nenos da súa idade.
- Para as matriculacións, cómpre dirixirse á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Edificio administrativo de Monelos
☎ R/ Vicente Ferrer 2 ☎ 981 184 712 /981 184 767

Para actividades de ocio e educativas

- As propias escolas ofrecen actividades extraescolares ao finalizar o horario escolar.
- En todos os barrios existen tamén centros deportivos, bibliotecas, centros cívicos e demais equipamentos que ofrecen alternativas de ocio e de reforzo escolar.
- A Escola Intercultural do Concello da Coruña ofrece apoio escolar e de ocio para menores estranxeiras/os. Tamén existen ONG que ofrecen este tipo de servizos.

Recomendacións para reagrupar fillas e fillos entre 16 e 18 anos

Mentres se atopen no país de orixe

- Deberanse legalizar os documentos de estudo coa información necesaria para a súa homologación en España. Recoméndase consultarlle antes ao organismo responsable.
- Recoméndase que as e os maiores de 16 anos cheguen tras finalizar os estudos secundarios no país de orixe para homologar o título de secundaria en España.
- Aquelas/es que teñan interese en iniciar estudos universitarios deben saber que ao homologar o título de bacharelato se lles dará unha credencial cunha nota convertida que será a que lles contará para acceder á titulación. No caso de necesitaren subir a nota, deberán presentarse ás probas de acceso á universidade.
- Hai que informalas/os de que será conveniente que aprendan a lingua galega para seguir as clases, xa que moitas materias se imparten nesta lingua.

Ao chegar á Coruña

Para estudar

- Para homologacións e matriculacións deben dirixirse á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Edificio administrativo de Monelos
📍 R/ Vicente Ferrer 2 📞 981 184 712 / 981 184 767

Para actividades de ocio

- En todos os barrios existen centros deportivos, bibliotecas, centros cívicos e demais equipamentos que ofrecen alternativas de ocio e de reforzo escolar.
- O Punto de Información Xuvenil (PIX), localizado no Fórum Metropolitano, ofrece información, orientación e asesoramento sobre diversos temas: voluntariados, actividades culturais e deportivas, estudos, etc. 📍 R/ Río de Monelos, s/n 📞 981 184 294

Para aprender castelán

- Hai diferentes entidades en toda a cidade que ofrecen clases gratuítas de castelán para persoas estranxeiras. Entre elas está a Biblioteca da Sagrada Familia, Ecos do Sur, CASCO, Cruz Vermella, Cáritas, SOS Racismo, Equus Zebra, Eco Desarroio Gaia, etc.

Para aprender galego

- O Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña, en colaboración coa UAMI, organiza cursos de balde de lingua galega para persoas estranxeiras. Tamén a Secretaría Xeral de Política Lingüística ofrece cursos gratuítos preparatorios dos certificados de coñecemento de lingua galega (Celga).

Recomendacións para reagrupar a/o cónxuxe ou parella de feito

Mentres se atope no país de orixe

- Deberá legalizar os documentos de estudo. Recoméndase consultar antes cos organismos responsables a documentación que se necesita achegar.
- Hai que informala/o de que, aínda que teña o permiso de traballo, acadar un non será sinxelo. Porén, poderá aproveitar para facer cursos de formación ou de aprendizaxe dos idiomas.
- Cómpre falarlle sobre como é a cidade da Coruña, a súa casa, o seu barrio, etc.

Ao chegar á Coruña

Para homologar titulacións preuniversitarias

- Deberá presentar a documentación na Inspección Educativa, no Edificio administrativo de Monelos, 1.º andar 📍 *R/ Vicente Ferrer 2* ☎ *981 184 712 / 981 184 767*.

Para homologar titulacións universitarias

- Deberá presentar a documentación na Área Funcional da Alta Inspección de Educación do Ministerio de Educación. 📍 *Praza de Ourense 11, 1.º* ☎ *981 989 550*. O tempo medio de resolución das homologacións ou equivalencias é de máis dun ano.

Para aprender castelán

- Hai diferentes entidades en toda a cidade que ofrecen clases gratuitas de castelán para persoas estranxeiras. Entre elas está a Biblioteca da Sagrada Familia, Ecos do Sur, CASCO, Cruz Vermella, Cáritas, SOS Racismo, Equus Zebra, Eco Desarrollo Gaia, etc.

Para aprender galego

- O Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña, en colaboración coa UAMI, organiza cursos de balde de lingua galega para persoas estranxeiras. Tamén a Secretaría Xeral de Política Lingüística ofrece cursos gratuítos preparatorios dos certificados de coñecemento de lingua galega (Celga).

Ocio e tempo libre

- En todos os barrios existen centros deportivos, bibliotecas, centros cívicos e demais equipamentos que ofrecen alternativas de ocio para todas as idades.

Para formación e traballo

- Oficinas de emprego públicas. Ás zonas da rolda de Nelle e de Outeiro correspóndelles a oficina de Tornos 📍 *Avda. Fisterra, 227-229* ☎ *981 995 598*.
- Centro Municipal de Emprego 📍 *Estrada Fuertes Monte de San Pedro 16* ☎ *981 184 399*

- Club de Emprego da UAMI Centro Cívico dos Mallos 📞 981 18 43 64
- Diversas ONG ofrecen orientación laboral: SOS Racismo, Ecos do Sur, Cruz Vermella, Juan Soñador, Equus Zebra, Viraventos, Accem, etc.
- Escola de adultos Eduardo Pondal 📠 R/ Educación 3 📞 981 960 901

Recomendacións para reagrupar o pai ou a nai

Mentres se atope no país de orixe

- Cómpre proporcionarlles toda a información posible sobre a cidade da Coruña, o seu entorno, a súa cultura, a súa xente e as súas linguas para que se vaian familiarizando co novo lugar de destino.
- É necesario mentalizalas/os do tempo que disporedes para estar con el ou ela.

Ao chegar á Coruña

Ocio e tempo libre

- En todos os barrios existen centros deportivos, bibliotecas, centros cívicos e demais equipamentos que ofrecen alternativas de ocio dirixidas á terceira idade.

Para estudar

- Escola de adultos Eduardo Pondal 📠 R/ Educación 3 📞 981 960 901
- Universidade Sénior da Coruña para maiores de 50 anos sen actividade laboral
📠 Paseo de Rolda 47, 1.º 📞 981 167 000

Para aprender castelán

- Hai diferentes entidades en toda a cidade que ofrecen clases gratuítas de castelán para persoas estranxeiras. Entre elas está a Biblioteca da Sagrada Familia, Ecos do Sur, CASCO, Cruz Vermella, Cáritas, SOS Racismo, Equus Zebra, Eco Desarroio Gaia, etc.

Para aprender galego

- O Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña, en colaboración coa UAMI, organiza cursos de balde de lingua galega para persoas estranxeiras. Tamén a Secretaría Xeral de Política Lingüística ofrece cursos gratuítos preparatorios dos certificados de coñecemento de lingua galega (Celga).

Programa de acompañamento no reagrupamento familiar

Programa do Concello da Coruña dirixido a todas as persoas estranxeiras que despois dun tempo de separación dos seus familiares inician un proceso de reencontro na cidade da Coruña.

Ofrécese orientación e apoio ás persoas interesadas desde meses antes de que se produza o encontro e continúa despois da chegada da/do familiar reagrupado mediante:

- Sesións grupais de información sobre aspectos legais, sociais, educativos e relacionais vinculados ao proceso de reagrupamento familiar.
- Sesións individuais para ofrecer orientación e axuda adaptada ás necesidades de cada familia.
- Obradoiros para pais e nais con información práctica sobre o sistema educativo, recursos socioeducativos e de conciliación familiar, así como ferramentas educativas.
- Obradoiros para mulleres reagrupadas. Trátase dun espazo para medrar xuntas e elaborar un proxecto de futuro na Coruña.
- Obradoiros para a mocidade onde coñecerán outras rapazas e rapaces chegados hai pouco e descubrirán os recursos sociais e culturais da Coruña.

PIDE A TÚA CITA NA

Unidade de Asesoramento ás Migracións

UAMI



De forma presencial



Centro Cívico Os Mallos
Avda. Arteixo, 147
15007 A Coruña

Líñas de autobús



De forma telefónica

981 184 364



De forma telemática

uami@coruna.es



CORUÑA
>PRÓXIMA